

Tema 29. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece e caracteriza as **diferentes formas de expresión adoptadas pola oposición ao franquismo** ao longo da súa existencia: **desde a primeira actividade guerrilleira** na inmediata posguerra ata o **xurdimento de diversos movementos de oposición** dentro dos piares do réxime (o **exército**, a **Igrexa** e o **partido único**) na etapa final do mesmo, pasando pola protesta estudantil e obreira, a organización de partidos políticos clandestinos, a actividade terrorista e a oposición desde o exterior.

O **réxime franquista** comezou ao remate da **guerra civil** e estendeuse ata a morte de **Franco** (1939-75), resultando unha longuíssima ditadura militar con el mesmo como líder supremo (caudillo). Se ben este réxime comezara imitando descaradamente o fascismo italiano (líder, partido, sindicato únicos), desde 1942, ao intuírse xa a derrota dos fascismos, empezaría a maquillar o réxime, para intentar diferenciarse dos fascismos e lograr así ser aceptado internacionalmente. Pero a pesar do moito que durou o franquismo, desde o inicio tamén houbo quen se opuxo a el. Así, foron xurdindo diferentes formas de oposición ao réxime (incluso desde dentro do mesmo), que irán aparecendo/cambiando en función do contexto internacional e da situación económica en España. De feito, podemos explicar a súa evolución nas **4 etapas** nas que se adoita dividir o franquismo.

ANOS 40 (POSGUERRA E AUTARQUÍA)

Os anos 40 foron unha etapa de gran crise económica (polos efectos da guerra e polo illamento mundial), o que obrigou a **Franco** a intentar a autarquía ou autosuficiencia económica do país. Crise á que hai que sumar unha durísima represión, con 40.000 persoas executadas, e un fortísimo control policial sobre a poboación para eliminar aos vencidos, aprobando incluso unha lei, a **Lei de Responsabilidades Políticas** en 1939, para lexitimar esta represión. Neste contexto, xorden dúas fronte de **OPOSICIÓN INTERNA** (dentro dos que apoiaran a **Franco**): *Os **falanxistas radicais**, que criticaban o distanciamento cada vez maior dos fascismos... pero que foron silenciados con represión ou obrigados a abandonar o partido único. * E os **monárquicos**, que apoiaban a **Juan de Borbón** e o seu **Manifesto de Lausanne** (1945), no que criticaba a **Franco** e lle pedía que se fose, para poder restaurar a monarquía na súa persoa. Pero **Franco** logrou calmalos ao aprobar a **Lei de Sucesión á Xefatura do Estado** (1947), que definía a España como un reino sen rei (ata 1969, cando nomea sucesor a **Juan Carlos**).

Paralelamente, había tamén unha **OPOSICIÓN EXTERNA**, na que podemos mencionar outros dous grupos: * Os exiliados, que lograran abandonar o país e refuxiarse na **URSS**, **México** e sobre todo **Francia**, pero que practicamente non chegan a ser un problema para o réxime... Co inicio da **IIGM**, moitos acaban uníndose á **Resistencia Francesa** contra a ocupación nazi, e loitando outra vez contra o fascismo, coa esperanza de que tamén se atacase a **Franco**. * E os **maquis** ou **guerrilla antifranquista**, formada por **comunistas** que fuxen aos montes e desde alí intentan seguir loitando contra o réxime e pola **República**, usando a guerra de guerrillas. De feito chegan a intentar en 1944 unha invasión no **Val de Arán** (Pirineo de Lleida), sen éxito. Pero, coa fin da **IIGM** e a aceptación da España franquista polo Bloque Occidental en 1953, os maquis acabarán abandoando a loita armada para buscar outras formas de oposición. Na **Galicia interior**, por exemplo, destacou o afamado **Foucellas**, á fronte dun grupo de maquis, ata que foi detido, executado por garrote vil e enterrado nunha fosa común na Coruña, en 1952.

ANOS 50 (TÍMIDA APERTURA DO RÉXIME)

Nos anos 50, a pesar de que segue a crise económica, agravada aínda máis pola autarquía, **Franco** comezou a ser recoñecido internacionalmente, como evidencian os dous acordos asinados en 1953 con Estados do estranxeiro, que pasan a apoialo:

-Co **Vaticano** (Concordato co Vaticano), a cambio da concesión de enormes privilexios para a Igrexa.

-Con **EEUU**, que obtiña territorio para instalar bases militares, a cambio de apoio económico.

Este xiro na situación mundial axudou a **Franco** a manter a tranquilidade do réxime, a pesar do cal podemos destacar cinco momentos clave de oposición ao mesmo:

1. As **folgas obreiras**, en protesta polos baixos salarios, nas industrias de Cataluña, Asturias e Euskadi, ao que **Franco** reaccionou ordenando a súa represión... pero permitindo melloras salariais.

2. A **fundación de CCOO** (Comisiones Obreras), alternativa clandestina ao **Sindicato Vertical** do réxime, e que, liderado polo comunista **Marcelino Camacho**, logrará afiliar en segredo a moitos traballadores, ao estar infiltrado no **Sindicato Vertical** como representante elixido polos obreiros do metal, converténdose así nunha das principais formas de oposición ao réxime desde dentro do estado.

3. Protestas de universitarias, en 1956, a favor dunha maior apertura do réxime e contra **Falanxe**, comezando así os fillos das clases medias a cambiar o silencio pola protesta... tamén reprimida.

4. A fundación de ETA (*Euskadi ta Askatasuna/País Vasco y Libertad*), que se escinde do **PNV** en **1959**, de momento como grupo de mozos antiespañolista e en contra da migración de españois a Euskadi.

5. Movemento independentista marroquí a partir de **1956**, cando **Francia** descoloniza **Marrocos**, pedindo a **Franco** que tamén descolonice o **Marrocos** e o **Sahara** españois.

ANOS 60 (DESARROLLISMO)

Esta década será a de maior desenvolvemento e crecemento económico, grazas á entrada no goberno franquista de **tecnócratas** (economistas e avogados) do **Opus Dei**, que deseñaron o **Plan de Estabilización de 1959**, para pasar da autarquía ao capitalismo. Ao aumentar a produción, os investimentos estranxeiros, ou o turismo de europeos en busca de sol, a maioría de españois olvidáronse da oposición e amosáronse máis conformistas co réxime; pero, por outra parte, precisamente este contacto ca mentalidade do turista europeo, propiciará nalgúns españois peticións non só de liberdades económicas, senón tamén políticas:

1. O “Contubernio” de Munich*, como o chamou despectivamente **Franco**: unha reunión celebrada en 1962 en Alemaña, onde 118 demócratas de diversas ideoloxías e nacións esixían democratizar España como requisito obrigado para entrar na **CEE** (xerme da Unión Europea). Entre eles estaba o escritor galego **Salvador de Madariaga**, que vivía exiliado no **Reino Unido**.

2. A oposición do PCE (*Partido Comunista de España*) desde o exilio no estranxeiro, dirixida polo líderes do partido: **Dolores Ibárruri** (A Pasionaria) e **Santiago Carrillo**, que trataron de alimentar as protestas obreiras a través do sindicato clandestino **CCOO**, e as protestas estudiantís a traves de **Asembleas de alumnos** que criticaban a falta de liberdades.

3. O terrorismo de ETA, que decide pasar a combater o réxime franquista mediante a loita armada, algo que espertou unha represión indiscriminada do réxime sobre **Euskadi**, e tamén a condena a penas de morte a 16 etarras (**Proceso de Burgos, 1970**), por asasinar a un brutal torturador da policía secreta franquista no País Vasco (**Melitón Manzanás**). **Franco** tivo que ceder ás presións e protestas internacionais para acabar conmutando as penas.

4. O Papa Pablo VI, que en **1965**, pediu perdón aos españois por ter apoiado ao réxime, algo que animou ao clero español máis progresista a pedir maiores liberdades para os españois, e especialmente ao clero vasco (nacionalista) a criticar o autoritarismo do réxime; todo isto enfadou moito a **Franco**, que se sentiu traizoado despois de tanto beneficiar á Igrexa.

ANOS 70 (CRISE)

A **crise do petróleo de 1973** (os prezos se disparan a raíz da guerra entre os países árabes e Israel), provocou en España unha grave crise económica... e en consecuencia unha crise do propio réxime, aumentando o descontento da poboación, as folgas e as protestas en múltiples lugares do país. Así, entre **1973-1975** asistimos á agonía do franquismo, cunha oposición ao réxime en aumento tanto no interior como no exterior, e procedente de todos os grupos sociais (incluso afíns ao réxime!). No **interior**:

- **Folgas obreiras** (pola crise) e protestas de universitarios, contaxiados polo maio do 68 francés -as críticas dos intelectuais e xornalistas **Grupo Tácito**, seudónimo que usaban nos seus artigos, nos que pedían a reforma do réxime para transformalo nunha democracia.

- As **críticas do clero**, como o bispo de **Bilbao**, esixindo ao réxime que recoñecese a lingua e cultura vascas.

- A **Unión Militar Democrática**, organización clandestina de militares que pedían democratizar o exército, fundada en secreto despois do éxito da **Revolución dos Caraveis** contra a ditadura portuguesa en 1974.

- Os continuos atentados terroristas, tanto de grupos fascistas (**Guerrilleiros de Cristo Rei, Triple A...**), como de grupos antifascistas (**GRAPO, FRAP**,... estes moito máis perseguidos polo réxime)... e sobre todo de **ETA**, que en 1973 asasina a **Carrero Blanco**, presidente do Goberno franquista, atentando contra o seu coche (**Operación Ogro**) e deixando descabezado e moi “tocado” o réxime. No **exterior**:

- Precisamente en **1973**, o mundo se rebela contra as condeas a morte de Franco contra 16 etarras, o que leva ao réxime a unha situación de illamento como a dos anos 40... e acaba con Franco indultándoos.

- Fúndase a **Xunta Democrática en 1974**, creada polos comunistas do **PCE** en **París** para unir a diferentes grupos da oposición, logrando atraer grupos moi heteroxéneos.

- Fúndase a **Plataforma de Convergencia Democrática** en 1975 en torno ao **PSOE**, co mesmo fin: reclamar o fin do franquismo e a instauración dunha democracia en España. (En 1976 ambas organizacións se fusionarían creando “Coordinación Democrática”, comunmente chamada Plataxunta*, formada por antifranquistas que pedían a democracia).

- A estes problemas uniuse tamén o xurdido en 1975 na colonia do **Sáhara español**, cando o rei de **Marrocos**, **Hasán II**, organiza unha marcha (a **Marcha Verde**) para invadilo pacificamente. A pesar de que España prometera aos saharauis un referendo de autodeterminación, o réxime abandonou aos saharauis cedendo ese territorio a **Marrocos** e **Mauritania**, cos que asinou os chamados **Acordos de Madrid**... nunca recoñecidos pola **ONU**, nin sequera hoxe, xa que había un compromiso (non cumprido) de descolonizar adecuadamente aquel territorio. Coa morte natural de **Franco**, o **20 de novembro de 1975**, e co réxime xa moi cuestionado, abriuse unha nova etapa coñecida como **Transición**, na cal os “**reformistas**”, con **Adolfo Suárez** á cabeza, comezarían a transformación da ditadura nunha democracia.